



# BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 331

V lexislatura

1 de xullo de 1999

## SUMARIO

### 4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

#### 4.4. RESPOSTAS A PREGUNTAS

- Resposta remitida pola Xunta de Galicia á Pregunta, formulada por D. José Luis Méndez Romeu, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre o lugar onde se atopan os arquivos documentais de cada provincia galega da Sección de Coros e Danzas do anterior réxime político e as medidas e o prazo previsto polo Goberno galego para garanti-lo seu traspaso a un arquivo público especializado (núm. 10.297. Pregunta núm. 8.501). 13.484
- Resposta remitida pola Xunta de Galicia á Pregunta, formulada por D. Emilio López Pérez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a actuación da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo respecto do conxunto etnográfico do muíño e do mazo do Penallo, no lugar de Bascuas, parroquia de Montecubeiro, en Castroverde (núm. 10.298. Pregunta núm. 8.455). 13.491
- Resposta remitida pola Xunta de Galicia á Pregunta, formulada por D. Xosé Henrique Tello León e D. Francisco Trigo Durán, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o cumprimento dos acordos laborais no porto da Coruña (núm. 10.299. Pregunta núm. 8.412). 13.495
- Resposta remitida pola Xunta de Galicia á Pregunta, formulada por D.<sup>a</sup> María Soledad Soneira Tajés, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego respecto da execución das obras do porto de Corme, as demandas da flota pesqueira e o criterio dos mariñeiros ó respecto (núm. 10.300. Pregunta núm. 8.335). 13.498
- Resposta remitida pola Xunta de Galicia á Pregunta, formulada por D. José Luis Méndez Romeu, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas adoptadas polo Goberno galego para recuperar e poñer á disposición pública os arquivos das empresas que acolleron presos políticos na posguerra civil, o lugar onde se atopan actualmente e as previsións ó respecto (núm. 10.321. Pregunta núm. 9.773). 13.501
- Resposta remitida pola Xunta de Galicia á Pregunta, formulada por D. José Luis Méndez Romeu, do G.P. dos Socialistas de Galicia, so-

---

---

## SUMARIO

---

---

- bre o estado no que se atopa a redacción do proxecto dun novo acceso vial ó aeroporto de Alvedro e as previsións ó respecto (n.º 10.322. Pregunta n.º 7.879). *13.503*
- Resposta remitida pola Xunta de Galicia á Pregunta, formulada por D.ª Isabel Salazar Bello, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións levadas a cabo ou previstas polo organismo autónomo Augas de Galicia no concello da Pobra do Brollón e os datos ó respecto (n.º 10.323. Pregunta n.º 8.332). *13.506*
- Resposta remitida pola Xunta de Galicia á Pregunta, formulada por D.ª María Antonia Álvarez Yáñez, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as posibles actuacións dos responsables da escola taller Pazo da Torre, no concello de Padrenda (Ourense), respecto da emisión polos seus alumnos do voto por correo nas próximas eleccións e as medidas previstas polo Goberno galego ó respecto (n.º 10.336. Pregunta n.º 9.308). *13.508*

## 4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

### 4.4. RESPÓSTAS A PREGUNTAS

#### *Respostas remitidas pola Xunta de Galicia*

##### Presidencia

En cumprimento do disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara, ordénase a publicación no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia das respostas remitidas pola Xunta de Galicia que a seguir se relacionan:

- Á Pregunta, formulada por D. José Luis Méndez Romeu, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre o lugar onde se atopan os arquivos documentais de cada provincia galega da Sección de Coros e Danzas do anterior réxime político e as medidas e o prazo previsto polo Goberno galego para garanti-lo seu traspaso a un arquivo público especializado (número. 10.297. Pregunta número. 8.501).

- Á Pregunta, formulada por D. Emilio López Pérez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a actuación da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo respecto do conxunto etnográfico do muíño e do mazo do Penallo, no lugar de Bascuas, parroquia de Montecubeiro, en Castroverde (número. 10.298. Pregunta número. 8.455).

- Á Pregunta, formulada por D. Xosé Henrique Tello León e D. Francisco Trigo Durán, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o cumprimento dos acordos laborais no porto da Coruña (número. 10.299. Pregunta número. 8.412).

- Á Pregunta, formulada por D.<sup>a</sup> María Soledad Soneira Tajés, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego respecto da execución das obras do porto de Corme, as demandas da flota pesqueira e o criterio dos mariñeiros ó respecto (número. 10.300. Pregunta número. 8.335).

- Á Pregunta, formulada por D. José Luis Méndez Romeu, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas adoptadas polo Goberno galego para recuperar e poñer á disposición pública os arquivos das empresas que acolleron presos políticos na posguerra civil, o lugar onde se atopan actualmente e as previsións ó respecto (número. 10.321. Pregunta número. 9.773).

- Á Pregunta, formulada por D. José Luis Méndez Romeu, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre o estado no que se atopa a redacción do proxecto dun novo acceso vial ó aeroporto de Alvedro e as previsións ó respecto (número. 10.322. Pregunta número. 7.879).

- Á Pregunta, formulada por D.<sup>a</sup> Isabel Salazar Bello, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións levadas a cabo ou previstas polo organismo autónomo Augas de Galicia no concello da Pobra do Brollón e os datos ó respecto (número. 10.323. Pregunta número. 8.332).

- Á Pregunta, formulada por D.<sup>a</sup> María Antonia Álvarez Yáñez, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as posibles actuacións dos responsables da escola taller Pazo da Torre, no concello de Padrenda (Ourense), respecto da emisión polos seus alumnos do voto por correo nas próximas eleccións e as medidas previstas polo Goberno galego ó respecto (número. 10.336. Pregunta número. 9.308).

De existir, a documentación anexa poderase consultar nos Servizos Administrativos da Cámara.

Santiago de Compostela, 28 de Xuño de 1999

Celso Delgado Arce  
Vicepresidente 1.º



## CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA


Edificio Administrativo San Caetano - Teléfono 981 54 42 10 - 15771 SANTIAGO DE COMPOSTELA

PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRADO EN ENTRADA 23 JUL 1999 Num. 10.297
--

1  
2853

En relación coa pregunta con resposta escrita n° 8.501 formulada polo Grupo Parlamentario dos SOCIALISTAS DE GALICIA, a iniciativa de D. José Luis Méndez Romeu, sobre "O LUGAR ONDE SE ATOPAN OS ARQUIVOS DOCUMENTAIS DE CADA PROVINCIA GALEGA DA SECCIÓN DE COROS E DANZAS DO ANTERIOR RÉXIME POLÍTICO E AS MEDIDAS E O PRAZO PREVISTO POLO GOBERNO GALEGO PARA GARANTI-LO SEU TRASPADO A UN ARQUIVO PÚBLICO ESPECIALIZADO" (publicada no BOPG n° 309, do 25 de maio de 1999), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ó previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola Consellería de CULTURA, COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO, que ten o seguinte contido:

"Os arquivos documentais de coros e danzas integrados na Sección feminina do Movemento Nacional atópanse en:



CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Edificio Administrativo San Caetano - Teléfono 981 54 42 10 - 15771 SANTIAGO DE COMPOSTELA

2


1.- Arquivo do Reino de Galicia:

- Documentación da Delegación Provincial da `Sección Femenina` da Coruña dende 1944 a 1978: 22 unidades de instalación (incompleta).

- Documentación do `Frente de Juventudes` da Delegación Provincial de Juventud de 1935 a 1977: 13 unidades de instalación.

2.- Arquivo Histórico Provincial de Lugo

- Documentación da Delegación Provincial da `Sección Femenina` de 1936 a 1979: 306 unidades de instalación (27 metros lineais).



CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Edificio Administrativo San Caetano - Teléfono 981 54 42 10 - 15771 SANTIAGO DE COMPOSTELA

3

- Documentación da Delegación Provincial de 'Frente de Juventudes' de 1938 a 1975: 232 unidades de instalación (25 metros lineais).

3.- Arquivo Histórico de Ourense:

Esta documentación nunca foi transferida ó arquivo. O único que se conserva son 27 unidades de instalación da 'Jefatura Provincial del Movimiento', que corresponden a Expedientes de ex-combatientes.

4.- Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra:

A documentación procedente da Jefatura Provincial del Movimiento correspondente a esta provincia atópase case completa neste arquivo:



CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Edificio Administrativo San Caetano - Teléfono 981 54 42 10 - 15771 SANTIAGO DE COMPOSTELA


4

- Documentación "Sección Femenina" de 1936 a 1977: 47  
libros e 78 caixas

- Documentación do "Frente de Juventudes" de 1945 a  
1976: 234 caixas

Ademais, noutros arquivos públicos tamén se atopa documentación de coros e danzas, aínda que non procedente da Xefatura Provincial do Movemento, como é o caso do Arquivo municipal de Betanzos e no Museo das Mariñas de esa localidade, que conservan documentación sobre danzas, fundamentalmente documentos gráficos (fotografías) dende 1901 e pode que anteriormente. Tamén teñen documentos dun gaiteiro da localidade dende o século XIX.

No IGAEM constitúese o Centro de Documentación e Arquivo das Artes Escénicas e Musicais no que pretendemos recopilar todo o material documental que permita a reconstrucción e



CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Edificio Administrativo San Caetano - Teléfono 981 54 42 10 - 15771 SANTIAGO DE COMPOSTELA

5

permanente actualización do patrimonio musical, teatral e da danza producido en Galicia ata hoxe.

Comezouse coa reconstrucción da propia historia das unidades do IGAEM e continuarase incorporando toda a información posible sobre o resto das artes escénicas e musicais galegas, a medida que elo sexa posible, ou polo menos coa información actualizada daqueles arquivos ou centros documentais onde se poden atopar os datos máis reais sobre estas artes na actualidade.

Ademais do propio Centro de Documentación do IGAEM, ubicado na Rúa do Vilar de Santiago, asinouse un Convenio de colaboración coa Universidade da Coruña para dotalo de dous bolseiros que axuden a organizar, actualizar e poñer a disposición do público o Arquivo de Teatro "Francisco Pillado", evitando a duplicación de esforzos e de fondos.





CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA


Edificio Administrativo San Caetano - Teléfono 981 54 42 10 - 15771 SANTIAGO DE COMPOSTELA

6

En canto a danza estase a organiza-lo arquivo pertinente, dando os primeiros pasos en torno o Ballet Galego Rey de Viana, para continuar despois en colaboración coa Federación Galega de Grupos de Danzas coa recopilación dos fondos de danza que se atopan nas distintas agrupacións locais e provinciais.

A Consellería de Cultura ten previsto a posta en funcionamento dun Centro Superior de Documentación no que se pode centralizar todo este tipo de información.

(Nota: Unha vez desaparecida a referida Xefatura de Movemento, a orde a nivel nacional foi a de destruí-la documentación xerada por este Organismo, razón pola que en moitos casos non chegou ós arquivos públicos. Non hai constancia de que se atope en mans de institucións privadas)".



CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Edificio Administrativo San Caetano - Teléfono 981 54 42 10 - 15771 SANTIAGO DE COMPOSTELA

7

O que lle remito, para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento en vigor.

Santiago de Compostela, vinteún de xuño de mil novecentos noventa e nove.


O CONSELLEIRO DA PRESIDENCIA E  
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA,



*Jaime Pita Varela*

Jaime Pita Varela.

EXCMO.SR. PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA.-



## CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

PARLAMENTO Edificio Administrativo S. Castano - Teléfono 981 54 42 10 - 15771 SANTIAGO DE COMPOSTELA

REGISTRO GENERAL ENTRADA

23 JUL 1999

Núm. 10.298

2854

En relación coa pregunta con resposta escrita nº 8.455 formulada polo Grupo Parlamentario do BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, a iniciativa de D. Emilio López Pérez, sobre "A ACTUACIÓN DA CONSELLERÍA DE CULTURA, COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO RESPECTO DO CONXUNTO ETNOGRÁFICO DO MUÍÑO E DO MAZO DO PENALLO, NO LUGAR DE BASCUAS, PARROQUIA DE MONTECUBEIRO, EN CASTROVERDE" (publicada no BOPG nº 307, do 22 de maio de 1999), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ó previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola Consellería de CULTURA, COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO, que ten o seguinte contido:

"D. JOSÉ SEIJAS DOMÍNGUEZ, presenta na Delegación Provincial da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo en Lugo unha proposta de declaración de ben de interese cultural do muíño e mazo do Penallo, en Bascuas, parroquia de Montecubeiro, Concello de Castroverde. O mazo



CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA


Edificio Administrativo San Caetano - Teléfono 981 54 42 10 - 15771 SANTIAGO DE COMPOSTELA

2

veríase afectado pola obra 79/95 POI na CP do Mosteiro a Castroverde, no tramo de Luaces á estrada da Veiga.

No seu día constestóuselle ó interesado que, segundo os informes dos servicios técnicos da consellería, o ben de referencia non é un dos máis sobranceiros expoñentes dese tipo de construcións. A dita circunstancia determinou a non tramitación do correspondente expediente de declaración de ben de interese cultural (de acordo co establecido no artigo 8 da Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia).

O muíño e mazo do Penallo non está protexido dende a perspectiva do patrimonio cultural e a cualidade dos restos e o seu estado actual de ruina determinan a non tramitación da súa inclusión no Inventario Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia. Neste senso indicar que nun escrito do Sr. Seijas dirixido en 1997 á Confederación Hidrográfica do Norte dise




CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Edificio Administrativo San Caetano - Teléfono 981 54 42 10 - 15771 SANTIAGO DE COMPOSTELA

3

textualmente que o "mazo está actualmente arruinado". En efecto, non existe teitume, nin a totalidade das paredes, nin portas, nin acceso, nin rodetes, nin mazo, nin base, nin ningún elemento mecánico da súa instalación, destacando que no interior do mazo e incluso entre as ruínas das súas paredes medraron árbores, algunha das cales tiña un diámetro que excedía dos 40 centímetros (segundo o informe do enxeñeiro director das obras) o que implica que os propietarios "interesados en conservar un patrimonio" non fixeron nada no seu día para aseguraren a súa integridade e evitaren a súa perda, destrucción ou deterioración, seguramente porque eran coñecedores da escasa relevancia do mazo".

O que lle remito, para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento en vigor.



CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Edificio Administrativo San Caetano - Teléfono 981 54 42 10 - 15771 SANTIAGO DE COMPOSTELA

4

Santiago de Compostela, vinteún de xuño de mil  
novecentos noventa e nove.


O CONSELLEIRO DA PRESIDENCIA E  
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA,



*Jaime Pita Varela*

ASDO.: Jaime Pita Varela.

EXCMO.SR. PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA.-



## CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA


PARLAMENTO DE GALICIA  
Edificio Administrativo San Caetano  
REXISTRO DE ENTRADA  
23 XUL. 1999  
Núm. 10.299

Teléfono 981 54 42 10 - 15771 SANTIAGO DE COMPOSTELA

2855

En relación coa pregunta con resposta escrita n° 8.412 formulada polo Grupo Parlamentario do BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, a iniciativa de D. Xosé Henrique Tello León e D. Francisco Trigo Durán, sobre "O CUMPRIMENTO DOS ACORDOS LABORAIS NO PORTO DA CORUÑA" (publicada no BOPG n° 301, do 12 de maio de 1999), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ó previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola Consellería de POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia considera que os acordos asinados por unha parte entre a Asociación de Armadores e o Comité de Empresa de SESTICO e entre SESTICO e o Comité de Empresa o 13 de novembro do pasado ano estanse cumprindo con carácter xeral con suxeición ós prazos establecidos.



CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Edificio Administrativo San Caetano - Teléfono 981 54 42 10 - 15771 SANTIAGO DE COMPOSTELA

2

Proba disto é que no momento actual xa existen dúas empresas estibadoras autorizadas GEPESCO (Gestiones Pesqueras Coruñesas) e OPESCO (Operaciones Pesqueras Coruñesas) que se adecuan na súa actuación ó marco fixado pola Autoridade Portuaria en aplicación do R.D. 2541/94 actualmente prorrogado polo R.D. 2222/98.

Á marxe das empresas estibadoras, poden realiza-las operacións os armadores coas súas propias tripulacións, logo dos acordos oportunos entre elas.

Neste punto é onde aparecen algunhas alteracións debido a que os armadores empregan persoal diferente ó da tripulación para realiza-los labores de carga e descarga.

A Xunta de Galicia realizará a vixilancia e o seguimento dos acordos a través dos seus representantes no Consello de Administración. A tal fin, a Autoridade Portuaria informa





CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Edificio Administrativo San Caetano - Teléfono 981 54 42 10 - 15771 SANTIAGO DE COMPOSTELA

3

gradualmente nos Consellos de Administración do estado do cumprimento".

O que lle remito, para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento en vigor.


Santiago de Compostela, vinteún de xuño de mil novecentos noventa e nove.

O CONSELLEIRO DA PRESIDENCIA E  
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA,



*Jaime Pita Varela*  
Jaime Pita Varela.

EXCMO. SR. PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA.-



CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Edificio Administrativo San Caetano - Teléfono 981 54 42 10 - 15771 SANTIAGO DE COMPOSTELA


PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO DE ENTRADA  
10.300

2856

En relación ~~coa pregunta con resposta~~ escrita nº 8.335

formulada polo Grupo Parlamentario dos SOCIALISTAS DE GALICIA, a iniciativa de Dª María Soledad Soneira Tajés, sobre "AS PREVISIÓNS DO GOBERNO GALEGO RESPECTO DA EXECUCIÓN DAS OBRAS DO PORTO DE CORME, AS DEMANDAS DA FLOTA PESQUEIRA E O CRITERIO DOS MARIÑEIROS Ó RESPECTO" (publicada no BOPG nº 298, do 8 de maio de 1999), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ó previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola Consellería de POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA, que ten o seguinte contido:

"Actualmente Portos de Galicia está a executar a obra de reparación do dique-peirao existente por un importe de 60 millóns de pesetas, que está previsto rematar en decembro do presente ano.



CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Edificio Administrativo San Caetano - Teléfono 981 54 42 10 - 15771 SANTIAGO DE COMPOSTELA

2

Por outra parte, o ente público Portos de Galicia redactou un proxecto de ampliación do dique de Corme, cunha lonxitude de 120 metros. As obras proxectadas, que se atopan en trámite de adxudicación, teñen un presuposto de 404 millóns de pesetas e está previsto que rematen no ano 2002.

Con estas obras proporcionarase abrigo suficiente, que é a necesidade máis acuciante e restablécese o atraque. No futuro, en función do aumento da flota, poderase ampliar o atraque.

Os usuarios do porto estiveron ó corrente en todo momento dos estudos e proxectos redactados por Portos de Galicia."

O que lle remito, para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento en vigor.



CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Edificio Administrativo San Caetano - Teléfono 981 54 42 10 - 15771 SANTIAGO DE COMPOSTELA

3

Santiago de Compostela, dezaseis de xuño de mil  
novecentos noventa e nove.

O CONSELLEIRO DA PRESIDENCIA E  
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA,



Ass.: Jaime Pita Varela.

EXCMO. SR. PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA.-



CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

PARLAMENTO DE GALICIA  
Edificio Administrativo Santiago de Compostela

Teléfono 981 54 42 10 - 15771 SANTIAGO DE COMPOSTELA

25 XUN. 1999

Núm. 10.321

En relación coa pregunta con resposta escrita nº 9.773 formulada polo Grupo Parlamentario dos SOCIALISTAS DE GALICIA, a iniciativa de D. José Luis Méndez Romeu, sobre "AS MEDIDAS ADOPTADAS POLO GOBERNO GALEGO PARA RECUPERAR E POÑER Á DISPOSICIÓN PÚBLICA OS ARQUIVOS DAS EMPRESAS QUE ACOLLERON PRESOS POLÍTICOS NA POSTGUERRA CIVIL, O LUGAR ONDE SE ATOPAN ACTUALMENTE E AS PREVISIÓNS Ó RESPECTO" (publicada no BOPG nº 323, do 16 de xuño de 1999), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ó previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada segundo os datos que obran nesta Consellería da PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA, que ten o seguinte contido:

"A materia obxecto desta pregunta non é competencia da Administración Autonómica".



CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Edificio Administrativo San Caetano - Teléfono 981 54 42 10 - 15771 SANTIAGO DE COMPOSTELA


2

O que lle remito, para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento en vigor.

Santiago de Compostela, vintetrés de xuño de mil novecentos noventa e nove.

O CONSELLEIRO DA PRESIDENCIA E

ADMINISTRACIÓN PÚBLICA,




Jaime Pita Varela.

EXCMO. SR. PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA.-



CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Edificio Administrativo San Caetano - Teléfono 981 54 42 10 - 15771 SANTIAGO DE COMPOSTELA



2930

En relación coa pregunta con resposta escrita nº 7.879 formulada polo Grupo Parlamentario dos SOCIALISTAS DE GALICIA, a iniciativa de D. José Luis Méndez Romeu, sobre "O ESTADO NO QUE SE ATOPA A REDACCIÓN DO PROXECTO DUN NOVO ACCESO VIAL Ó AEROPORTO DE ALVEDRO E AS PREVISIÓNS Ó RESPECTO" (publicada no BOPG nº 280, do 16 de abril de 1999), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ó previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola Consellería de POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA, que ten o seguinte contido:

"Actualmente está sendo supervisado e revisado polo servicio correspondente desta Administración o 'Proxecto de



CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Edificio Administrativo San Caetano - Teléfono 981 54 42 10 - 15771 SANTIAGO DE COMPOSTELA

2

construcción de conexión da autoestrada A-9 co aeroporto de Alvedro'.

Posto que o devandito proxecto, tendo en conta a fase na que se atopa, é susceptible de que introduzan modificacións, o trazado deste vial coñecerase logo de que se aprobe o proxecto.

O investimento para a execución desta obra está estimado en 225 millóns de pesetas."

O que lle remito, para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento en vigor.





CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Edificio Administrativo San Caetano - Teléfono 981 54 42 10 - 15771 SANTIAGO DE COMPOSTELA

3

Santiago de Compostela, vintetrés de xuño de mil  
novecentos noventa e nove.

O CONSELLEIRO DA PRESIDENCIA E  
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA,



*Pita Varela*  
ime Pita Varela.

EXCMO. SR. PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA.-



## CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

PARLAMENTO DE GALICIA

REGISTRO. Edificio Administrativo, San Casto - Teléfono 981 54 42 10 - 15771 SANTIAGO DE COMPOSTELA

21 XUN. 1999

Núm.....10.323..

2929

En relación coa pregunta con resposta escrita n° 8.332 formulada polo Grupo Parlamentario dos SOCIALISTAS DE GALICIA, a iniciativa de Dª. María Isabel Salazar Bello, sobre "AS ACTUACIÓNS LEVADAS A CABO OU PREVISTAS POLO ORGANISMO AUTÓNOMO AUGAS DE GALICIA NO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN E OS DATOS Ó RESPECTO" (publicada no BOPG n° 298, do 8 de maio de 1999), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ó previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola Consellería de POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA, que ten o seguinte contido:

"Actualmente Augas de Galicia está a levar a cabo a obra de 'Abastecemento de auga a Lamaigrexa, Castroncelos, Estación, Cereixa, Brence, Pobra de Brollón e Salcedo (Pobra de Brollón-Lugo)'.



CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Edificio Administrativo San Caetano - Teléfono 981 54 42 10 - 15771 SANTIAGO DE COMPOSTELA

2

O orzamento da obra é de 61.600.000 pesetas (370.233,4 euros) distribuído nas seguintes anualidades: 1999: 10.000.000 pts.; 2000: 10.000.000 pts.; 2001: 41.600.000 pts."

O que lle remito, para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento en vigor.

Santiago de Compostela, vintetrés de xuño de mil novecentos noventa e nove.

O CONSELLEIRO DA PRESIDENCIA E

ADMINISTRACIÓN PÚBLICA,



*Jaime Pita Varela*



Jaime Pita Varela.

EXCMO.SR. PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA.-



## CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA  
 Consellería de Presidencia e Admón. Pública  
 Edificio Administrativo San Caetano - Teléfono 981 54 42 10 - 15771 SANTIAGO DE COMPOSTELA



En relación coa pregunta con resposta escrita nº 9.308 formulada polo Grupo Parlamentario dos SOCIALISTAS DE GALICIA, a iniciativa de Dª María Antonia Álvarez Yáñez, sobre "AS POSIBLES ACTUACIÓNS DOS RESPONSABLES DA ESCOLA TALLER PAZO DA TORRE, NO CONCELLO DE PADRENDA (OURENSE), RESPECTO DA EMISIÓN POLOS SEUS ALUMNOS DO VOTO POR CORREO NAS PRÓXIMAS ELECCIÓNS E AS MEDIDAS PREVISTAS POLO GOBERNO GALEGO Ó RESPECTO" (publicada no BOPG nº 322, do 14 de xuño de 1999), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ó previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola Consellería de FAMILIA E PROMOCIÓN DO EMPREGO, MULLER E XUVENTUDE, que ten o seguinte contido:



CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Edificio Administrativo San Caetano - Teléfono 981 54 42 10 - 15771 SANTIAGO DE COMPOSTELA

2

"En relación ás 'presuntas' presións exercidas polos responsables da Escola Obradoiro Pazo Latorre sobre os alumnos da mesma para a tramitación do voto por correo cara ás eleccións do 13 de xuño, enunciados no texto da pregunta, a Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude non ten coñecemento da súa existencia nin da veracidade das denuncias verquidas na mesma.

En caso de que tales afirmacións foran certas, esta Consellería rexeitaría de forma taxante calquera actuación que atentara contra a liberdade individual dos cidadáns no exercicio dos seus dereitos constitucionalmente recoñecidos, non correspondéndolle á mesma, senón a instancias xudiciais, a adopción de medidas no seu amparo."

O que lle remito, para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento en vigor.



CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Edificio Administrativo San Caetano - Teléfono 981 54 42 10 - 15771 SANTIAGO DE COMPOSTELA

3

Santiago de Compostela, vintetrés de xuño de mil  
novecentos noventa e nove.

O CONSELLEIRO DA PRESIDENCIA E



ADMINISTRACIÓN PÚBLICA,

*Jaime Pita Varela*  
Jaime Pita Varela.

EXCMO. SR. PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA.-

**BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA  
ESTRUCTURA**

1. **PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA**
  - 1.1 LEIS E OUTRAS NORMAS
  - 1.2 PROXECTOS E PROPOSICIÓNS DE LEI
  - 1.3 OUTRAS PROPOSTAS DE NORMAS
2. **PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL**
  - 2.1 INVESTIDURA
  - 2.2 MOCIÓN DE CENSURA
  - 2.3 CUESTIÓN DE CONFIANZA
3. **PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO**
  - 3.1 CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI
  - 3.2 COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA
  - 3.3 EXAME DE PROGRAMAS E PLANS
  - 3.4 ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN
  - 3.5 MOCIÓNS
  - 3.6 PROPOSICIÓNS NON DE LEI
    - 3.6.1 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN PLENO
    - 3.6.2 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN COMISIÓN
  - 3.7 OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN
  - 3.8 PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO
4. **PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN**
  - 4.1 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA
  - 4.2 INTERPELACIÓNS
  - 4.3 PREGUNTAS
  - 4.4 RESPOSTAS A PREGUNTAS
  - 4.5 SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS
5. **PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS**
  - 5.1 SOLICITUDE Ó GOBERNO DO ESTADO DA ADOPCIÓN DE PROXECTOS DE LEI
  - 5.2 PROCEDEMENTOS RELACIONADOS CO TRIBUNAL CONSTITUCIONAL
  - 5.3 VALEDOR DO POBO
  - 5.4 CONSELLO DE CONTAS
  - 5.5 OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
6. **ELECCIÓN, DESIGNACIÓNS E PROPOSTAS DE NOMEAMENTO**
  - 6.1 SENADORES EN REPRESENTACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
  - 6.2 VALEDOR DO POBO E VICEVALEDORES
  - 6.3 CONSELLEIROS DE CONTAS
  - 6.4 TERNA PARA A PROVISIÓN DE VACANTES DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA
  - 6.5 VOCAIS DA XUNTA ELECTORAL DE GALICIA
  - 6.6 MEMBROS DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DA COMPAÑÍA DE RADIO-TELEVISIÓN DE GALICIA
  - 6.7 MEMBROS DO CONSELLO ASESOR DE RADIO-TELEVISIÓN ESPAÑOLA EN GALICIA
  - 6.8 VOCAIS DOS CONSELLOS SOCIAIS DAS UNIVERSIDADES DE GALICIA
  - 6.9 VOCAIS DO CONSELLO DE BIBLIOTECAS
  - 6.10 DELEGACIÓN PARA A DEFENSA DE PROPOSICIÓNS DE LEI DO PARLAMENTO DE GALICIA NO CONGRESO
  - 6.11 OUTRAS ELECCIÓN, DESIGNACIÓNS OU PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
7. **COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO**
  - 7.1 COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E OS SEUS ÓRGANOS
  - 7.2 RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
  - 7.3 ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO
8. **ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA**
  - 8.1 ORGANIZACIÓN E NORMAS DE FUNCIONAMENTO DOS SERVICIOS DA ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA
  - 8.2 PERSOAL
  - 8.3 ACTIVIDADES DA ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA
9. **INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS**
  - 9.1 INFORMACIÓNS
  - 9.2 CORRECCIÓNS DE ERROS



**BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións: Servicio de Publicacións do Parlamento de Galicia.

Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. (981) 56 16 00.

Impresión e distribución: La Voz de Galicia, S.A.

Concepción Arenal, 11-13. 15006. A Coruña.

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727